

Limiar

Xosé Luís Regueira

Elisa Fernández Rei

Cando se inician os traballos de lingüística galega na Universidade de Santiago de Compostela, a finais da década dos sesenta e nos setenta, a estandarización estaba aínda moi incompleta, a pesar de que o galego era lingua literaria, na súa forma moderna, desde había máis dun século. As persoas involucradas na investigación, na altura, eran moi conscientes da necesidade de coñecer o galego, pois como xa sinalara Dámaso Alonso algúns anos antes “esta lingua, en su estado moderno, es casi una incógnita” (Alonso 1962: 16). Así, os estudos centráronse na descrición das variedades faladas, especialmente no ámbito rural, de xeito que, a diferenza do que acontece coas linguas estatais, o estudo da variación está nos inicios da lingüística galega. Existía tamén a conciencia de que se estaban a producir cambios importantes, e así se manifesta en diferentes traballos, como por exemplo no de Ramón Lorenzo (1962: 52):

Son muchos los vocablos, las construcciones peculiares, los fenómenos característicos que van desapareciendo poco a poco, irremediamente. Y más desconsolador resulta el pensar que estos objetos, vocablos, etc., desaparecen sin que nadie se haya preocupado de registrarlos.

Por tanto, as prioridades naqueles momentos eran, por unha parte, recoller toda a información posible sobre a lingua falada, especialmente daquelas variedades xulgadas como máis conservadoras, e sobre todo elaborar un estándar escrito (ortografía, morfoloxía, léxico), polo que o estudo do cambio non se abordou ata tempos máis recentes.

Durante as últimas décadas a sociedade galega experimentou fondos cambios sociais, políticos e culturais, viviu un rápido proceso de urbanización e pasou de ser un país rural a ter un índice de poboación ocupada no sector primario de só o 6,6 % en 2014 (IGE 2016). Desta maneira, a cultura labrega e mariñeira tradicional mudou de maneira radical e moitos elementos da cultura material e espiritual desapareceron. Pérdese así unha parte importante do patrimonio lingüístico,

ao tempo que o galego gaña espazos comunicativos aos que ten que adaptarse e para os que precisa desenvolver novas variedades. Estes procesos, vividos en intenso contacto co español de maneira máis ou menos directa, tiveron e teñen repercusións na lingua. Mais, así a todo, ata o presente poucos son os traballos que afrontaron o estudo do cambio lingüístico ou do contacto, e unha boa parte dos que o trataron fixérono de maneira impresionista.

Á parte das inestimables informacións que se poden extraer das teses de doutoramento sobre falas galegas, desde a de Santamarina (1973) ata a de Alonso Núñez (2011), existen valiosos ensaios, coma o discurso de entrada na RAG de Álvarez Blanco (2003) e a resposta de Santamarina (2003). No seo do ILG publicáronse algúns traballos, coma os de Regueira (2008, 2009) e os de Dubert (2014a, 2014b), entre algúns outros, pero fíxose evidente a necesidade dun traballo máis sistemático e de maior capacidade explicativa. Esta necesidade impulsou a converxencia de varias liñas de investigación e desembocou no proxecto “Cambio lingüístico no galego actual”¹, que se desenvolveu entre 2012 e 2015, e que tiña o obxectivo de afondar na descrición de aspectos pouco estudados e sobre todo de explorar enfoques metodolóxicos innovadores que ofrecen maior capacidade explicativa e que permitisen comprender os cambios que se están a producir ou que se produciron recentemente na lingua de Galicia.

Debido á situación de contacto lingüístico e á idea de que os cambios observados no galego están, cando menos na súa maioría, relacionados con esa situación, case todos os traballos de variación e cambio fan referencia, en maior ou menor medida, ao contacto. Así sucede, p.e., nos de Vidal (1997), sobre tres dialectos de Vigo, ou no de Dubert (1999), sobre Santiago de Compostela. Por contra, os traballos dedicados ao estudo do contacto son escasos, feitos de maneira impresionista na maior parte dos casos, e case sempre centrados nas “interferencias” léxicas e gramaticais. Unha referencia inicial pode ser o traballo de García (1976), e desde entón a situación non variou grandemente, no sentido de que seguen a ser moi escasos os traballos empíricos e a maioría seguen a ter unha orientación normativista e purista. Foron poucos os fenómenos estudados de maneira específica, como foi o caso da *gheada*, a partir dos controvertidos traballos de Pensado (1970) e Pensado / Pensado Ruiz (1984), ou algúns aspectos do léxico ou da toponimia (p.e. Santamarina 1988) ou da morfoloxía verbal (Dubert 2013). Deste

¹ Financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade (referencia FFI2012-33845).

xeito, o proxecto de “Cambio lingüístico no galego actual” tivo continuidade noutro novo proxecto, “Contacto e cambio lingüístico en galego”, actualmente activo², que visa estender e sistematizar os estudos sobre o contacto lingüístico e as súas repercusións (non só o contacto co español, senón tamén o contacto entre variedades).

No marco do anteriormente citado proxecto de investigación, “Cambio lingüístico no galego actual”, publicáronse xa algúns traballos, que poden consultarse na páxina do proxecto³, e outros están en proceso de elaboración e de publicación. No libro que agora presentamos aparecen tamén traballos de varios membros do equipo investigador, xunto con outros de reflexión teórica e metodolóxica e outros de investigadoras e investigadores que traballan sobre o galego desde perspectivas novas. Co fin de fornecer un espazo que permitise establecer unha discusión frutífera, o Instituto da Lingua Galega organizou un Simposio sobre o cambio lingüístico no galego actual, que se celebrou entre outubro e novembro de 2015 na Facultade de Filoloxía da USC e no Consello da Cultura Galega. Nese simposio, presentouse un conxunto de traballos que foron discutidos co público investigador asistente. A partir de aí, elaborouse unha versión escrita, que foi sometida a unha revisión anónima por pares por parte de investigadores de prestixio de universidades europeas e americanas, todos eles especialistas nos respectivos ámbitos de coñecemento.

Por tanto, neste libro recóllense por unha parte traballos de carácter xeral ou largo e de interese teórico e metodolóxico, mais sobre todo traballos referidos á lingua galega e que representan avances significativos sobre o estado de cousas anterior. Trátase de traballos empíricos baseados en datos lingüísticos propios, moitas veces de ámbitos ou de tipos que non estaban anteriormente representados, e sobre todo realizados con enfoques innovadores e coas metodoloxías máis actuais: fonoloxía de laboratorio, dialectoloxía perceptiva, a lingua en interacción ou a construción de identidades a través do discurso, entre outras.

O volume ábrese cun traballo de interese xeral sobre o cambio lingüístico: as *dez teses* enunciadas por Johannes Kabatek. A través destas teses Kabatek somete a revisión os temas centrais do cambio lingüístico, poñendo de manifesto algúns

² Financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade (referencia FFI2015-65208-P) e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER, marco financeiro plurianual 2014-2020).

³ V. http://ilg.usc.gal/gl/project_publicacions_search/884 (consulta 22.12.2016).

preconceitos que, firmemente asentados na lingüística do século xx, impiden comprender o cambio lingüístico. Entre eles, a idea da lingua como un sistema externo e estable, que cambia por razóns inexplicables (cando segundo esa concepción non debería facelo), mediante procesos nos que os falantes non teñen ningún papel. A partir da idea Wilhelm von Humboldt de que a lingua é *enérgica* (actividade), fronte ao *érgon* (obra feita, produto), Kabatek insiste na idea de que é na actividade, na interacción, onde se produce o cambio. Se as linguas non están feitas, senón que se fan continuamente a través da actividade dos falantes, seguindo as ideas de Coseriu (1958), é aí onde se produce o cambio lingüístico. As persoas que falan teñen, por tanto, un papel protagonista, aínda que a innovación non é cambio, polo menos ata que sexa adoptada por outros individuos. Por outro lado, remarca que os cambios poden ser conscientes, ou dito doutra maneira, poden estar influídos por reflexións metalingüísticas que favorecen certas variantes. Desta maneira, a planificación lingüística é posible, mais non dunha maneira directa. Estes e outros temas son discutidos dunha maneira lúcida e clara, e por veces provocadora.

Ademais de que moitas das *teses* están ilustradas con exemplos da lingua galega, o artigo remata cunha reflexión sobre o cambio lingüístico no galego de hoxe, que constitúe un “interesantísimo laboratorio lingüístico”. Nela trátanse cuestións de actualidade, coma a “deriva” da lingua, o contacto co castelán, os neofalantes, o purismo, e as posibilidades de futuro. Para o autor, os garantes do futuro da lingua son os núcleos do “galego renovado”, ou sexa, nos grupos tradicionalmente galegofalantes que se adaptan aos cambios sociais e culturais sen perder a lingua, senón transformándoa para adaptala ás novas realidades, mais sen estaren baseadas na gramática do español, coma no caso dos neofalantes. Neste importante ensaio, por tanto, Kabatek clarifica algunhas das cuestións fundamentais do cambio lingüístico, mostrando que moitas delas están mal enfocadas, e que para entender como cambian as linguas é necesario pasar de entender a lingua como un obxecto externo ás persoas falantes a estudala como unha actividade na que os falantes son os axentes. E por outro lado analiza a situación do galego sen temor a entrar nalgunhas das polémicas máis activas dos últimos tempos, como os debates sobre a calidade da lingua ou o papel dos neofalantes.

No seguinte capítulo, Ramón Mariño, sen dúbida un dos expertos máis autorizados sobre a historia do galego, traza un panorama dos cambios inducidos

polo contacto co español nos últimos séculos. Na primeira parte do seu traballo efectúa unha reflexión, oportuna e necesaria, sobre como deben interpretarse os datos fornecidos pola lingüística histórica, ou, visto doutra maneira, sobre as limitacións que impón a documentación histórica. Destaca entre estas limitacións o feito de que só nos tempos recentes temos acceso ás diferentes variedades da lingua, mentres que na documentación de que dispoñemos de tempos pasados só está representada a lingua escrita de certos estratos sociais; e por outro lado tampouco temos acceso á información sobre os procesos de innovación e de difusión dos cambios producidos por contacto, aínda que se pode aplicar o principio de uniformidade, é dicir, aplicar as ensinanzas dos cambios observados no presente aos cambios constatados noutros tempos. A partir de aí, vai trazando unha historia do contacto co español desde a Idade Media ata os nosos días, fincando atención en como o español foi entrando nas capas superiores da sociedade e posteriormente se foi difundindo cara a abaixo, ao tempo que os fenómenos de contacto ían facéndose máis numerosos, ata chegar á situación actual. Desta maneira, este capítulo constitúe un pórtico necesario para os restantes traballos en que o contacto co español é tido en conta.

O estudo da fala dos neofalantes, tanto desde o punto de vista da produción coma da percepción, é abordado polo traballo de Gisela Tomé Lourido e Bronwen G. Evans e mais polo de Alba Aguete. O denominado *neofalantismo* (Ramallo 2013) é un tema que vén suscitando crecente interese nos últimos anos, desde o punto de vista demolingüístico e tamén desde unha perspectiva sociolingüística. Non cabe dúbida da pertinencia dos estudos sobre as variedades dos neofalantes para abordar a investigación sobre o cambio lingüístico, pois se ben non se trata dun grupo social moi numeroso, si teñen unha importante presenza e visibilidade sociais.

Polo que se refire ao traballo de Aguete, preséntanse os resultados dun estudo experimental de percepción, cuxo obxectivo é comprobar o efecto de certas variables sociolingüísticas, como o hábitat de procedencia ou a lingua materna por exemplo, na identificación do contraste entre vogais medias altas [e, o] e baixas [ɛ, ɔ] tónicas. Entre os resultados máis interesantes do traballo, destaca o distinto comportamento que presentan os falantes que se declaran monolingües en galego (distinguen abertas e pechadas) e os monolingües en castelán (non distinguen), por un lado, e os que se declaran bilingües, por outro lado. É nos bilingües

onde se atopa unha maior heteroxeneidade e onde se detecta que factores como a lingua inicial dos pais e nais ou o hábitat de procedencia teñen moito maior peso que no grupo dos falantes que se declaraban monolingües. É probablemente un dos poucos traballos sobre o cambio fonético na tradición lingüística galega que ten unha base empírica sólida e que lle outorga un notable peso ao valor interpretativo que teñen os datos perceptivos.

Tomé Lourido e Evans analizan o fenómeno dos neofalantes galegos no contexto dos novos falantes doutras comunidades de linguas minoritarias en Europa. Así mesmo, tamén presentan unha revisión dos traballos realizados ata a momento sobre as variedades faladas por estes neofalantes, co fin de establecer se é posible que os falantes que teñen unha lingua minoritaria como segunda lingua son quen de mudar a produción da súa variedade ou a percepción das variedades máis tradicionais. Revisan un traballo seu (Tomé / Evans 2015) en que levaban a cabo un experimento de produción e outro de percepción, onde demostraban que o proceso de adquisición de sons novos, que non existen na primeira lingua ou lingua dominante, presenta límites tanto na percepción coma na produción. En conclusión, é difícil mudar certos aspectos do acento para estes novos falantes.

No seguinte capítulo, Estefanía Mosquera trata unha das novas variedades de lingua: a escrita electrónica. O traballo baséase nun importante corpus de mensaxes e interaccións (“conversas”), así como en enquisas sobre actitudes e percepcións sociais desta variedade de escrita. Tras dunha documentada reflexión sobre o carácter destas novas variedades, describe os recursos empregados e a súa funcionalidade para a comunicación. Destaca a autora a relevancia sociolingüística do feito de que se chegase a desenvolver unha modalidade coma esta na lingua galega, o que constitúe unha mostra da súa funcionalidade nos novos espazos creados pola tecnoloxía. A importancia deste traballo non radica só en ser un dos primeiros en estudar esta variedade (case non hai traballos sobre ela, agás algúns desta mesma autora), senón sobre todo na perspectiva interpretativa adoptada.

Tamén son moi escasos na lingüística galega os traballos de análise do discurso, e particularmente os dedicados á cuestión de lingua e xénero. No traballo de Noemi Basanta únense esas dúas condicións, dando lugar a un moi orixinal e relevante traballo de análise do discurso e sociolingüística interaccional aplicado á creación de identidades (de xénero, clase, idade...), ou dito doutra maneira, de construción de identidades na interacción lingüística. Mediante o estudo da cons-

trución de masculinidades a través das narrativas sobre o moceo, a autora mostra non só que as identidades se constrúen de maneira contextual e relacional durante a conversa, senón que estas construcións discursivas se producen en interacción con outras construcións identitarias: idade, clase, etnicidade. Neste sentido, os falantes adultos contrapóñense ás xeracións máis vellas e tamén ás máis novas, por un lado, e por outra banda constrúense como adultos en canto a que foron novos e mocearon noutro tempo pasado. E a través deses relatos tamén se constrúen outras identidades e represéntanse ideoloxías. Este traballo constitúe unha excelente introdución á análise de identidades no discurso e na interacción, tamén polas abundantes referencias bibliográficas, e ao tempo é un traballo novo e orixinal non só na lingüística galega, senón cando menos no ámbito das linguas románicas.

Soraya Suárez Quintas presenta un traballo no ámbito da dialectoloxía perceptiva que supón unha achega completamente novidosa, tanto pola aproximación metodolóxica como pola proposta de representación cartográfica dos resultados. O capítulo afonda na relación entre as actitudes dos falantes e os procesos de cambio no dominio lingüístico galego. Presenta resultados provenientes dun extenso traballo de campo en que enquisou a persoas que expresaban a súa actitude ante diferentes variedades dialectais do galego e valoraban a súa corrección e agradabilidade. Detense especialmente no papel que a percepción xoga no retroceso da gheada, que segue sendo avaliada moi negativamente e, por tanto, parece consolidarse a súa estigmatización por parte dos falantes.

O traballo de Elisabetta Carpitelli abre unha serie de tres capítulos de xeolingüística, que permiten ilustrar tres maneiras diferentes de explotar os datos fornecidos pola cartografía lingüística. O texto de Carpitelli estuda a microvariación nunha área reducida das falas italianas de parte da Lunigiana, no norte dos Apeninos, nas que se producen ditongacións da vogal media anterior en certas condicións (posición tónica en sílaba aberta). Presenta unha descrición acústica dos resultados encontrados nas gravacións efectuadas na área, e conclúe cunhas interesantes reflexións sobre o suposto carácter conservador e estático das comunidades lingüísticas das áreas montañosas (esta idea tamén se encontra nos estudos ibéricos), mais as variacións nas realizacións vocálicas (ás veces nun mesmo individuo) apuntan a unha capacidade de innovación e de cambio destes falares, que desenvolven trazos característicos cos que marcan as diferenzas cos centros urbanos próximos.

Xulio Sousa e David Rodríguez comezan por explicar o sentido da dialectoloxía e da xeografía lingüística e os seus obxectivos, no contexto dos estudos lingüísticos das últimas décadas, e a seguir mostran como a xeolingüística pode ser unha metodoloxía útil para o estudo dos cambios lingüísticos. É de notable interese a presentación de varios exemplos de cambio en tempo real en galego, a través de información localizada xeograficamente obtida de maneira comparable en tres épocas afastadas entre si por varias décadas (40 e 30 anos, aproximadamente): o ALPI, o ALGa e enquisas propias realizadas nos 53 puntos do ALPI nos últimos anos. Desta maneira, os datos obtidos nesas tres épocas nos mesmos lugares permiten observar os casos de mantemento das formas locais de maneira inalterada (o diminutivo *camín* vs *camiño*), así como outros en que se produce a extensión dunha forma léxica non galega (*cuna*, *nudo*), o avance dunha variante galega sobre outra (*eixe* / *eixo*), ou a redución de variantes (*bolboreta*, *demo*). Así, poden observarse en tempo real as mudanzas que se van obtendo co mesmo método nas capas sociais e etarias que son o obxectivo da xeolingüística concibida da maneira clásica (sen ter en conta a variación etaria ou social intralocal). Mais como esa poboación é considerada como a capa máis conservadora da lingua, os cambios producidos nesta variedade son vistos como altamente significativos. Desta maneira os autores mostran como as metodoloxías “clásicas” seguen a ocupar un lugar de gran importancia na investigación sobre o cambio lingüístico.

O capítulo de Carolina Pérez Capelo explica de maneira moi clara e amena como actúa o cambio lingüístico nos nomes de lugar. A partir da rigorosa descrición e escolla de exemplos da toponimia galega, mostra como os topónimos non son alleos aos procesos de cambio lingüístico, se ben algúns son máis proclives ás mudanzas irregulares, mentres que outros parecen presentar maior resistencia ao cambio. É precisamente esta tendencia da toponimia a ser máis conservadora ca a lingua común o que a fai moi valiosa para o estudo do cambio lingüístico, posto que nos achega información sobre etapas anteriores da evolución da lingua.

O libro péchase cun traballo importante de interese teórico, no que Francisco Dubert presenta unha visión da gramática que trata de superar algúns dos problemas dos modelos estruturais dominantes na lingüística galega actual. Revisa algúns conceptos e dicotomías de Saussure que se encontran nos alicerces da gramática estrutural para mostrar que o propio Saussure formula algunhas ideas que non tiveron moita fortuna (“preteridas”), mais que abren posibilidades de

desenvolver unha gramática doutro tipo, tal como a gramática de exemplares. A seguir revisa algúns casos problemáticos da morfoloxía verbal do galego, e detense especialmente nalgúns que resultan “atípicos”, coma as formas *cantandes*, *iña* e *sen* (imperativo de *ser*), para concluír defendendo unha morfoloxía baseada na palabra, na que non se espera unha correspondencia biunívoca entre a información morfosintáctica e a estrutura das formas de palabra. Para a detección e identificación da estrutura que os falantes crean nas palabras, os esquemas que teñen activos nas súas mentes, é necesario en moitos casos ter en conta os cambios lingüísticos en que están envolvidas esas formas. Por tanto, a separación neta entre diacronía e sincronía que a lingüística estrutural do século xx estableceu como insalvable non pode seguir sendo mantida, senón que a diacronía pode ser a clave que explique un estado de lingua dado. Esta idea, por outra parte, xa estaba anunciada no *Cours* de Saussure, como Dubert mostra neste traballo. De maneira importante, esta perspectiva permite explicar como se producen os cambios na morfoloxía das linguas, cando menos daquelas que presentan características tipolóxicas semellantes ao galego.

O conxunto dos once traballos contidos no libro ofrece, por tanto, unha serie de propostas diferentes e complementarias para estudar dunha maneira significativa o cambio lingüístico, especialmente as mudanzas observadas no galego actual, mais non só, xa que o seu interese abrangue as linguas románicas e a variación e o cambio lingüístico en xeral. Entre eles hai varios que utilizan metodoloxías máis achegadas aos estudos tradicionais, xunto con outros que presentan enfoques máis novos e metodoloxías desenvolvidas máis recentemente, nalgúns casos aínda moi pouco representadas na lingüística galega e na hispánica en xeral. Estas diferentes orientacións serán sen dúbida suxestivas para as persoas novas que se acheguen ao tema do cambio lingüístico ou para persoas que se estean a iniciar na investigación nestes terreos, mais tamén son de interese para a investigación do cambio lingüístico e para a definición de novos obxectivos para a lingüística galega.

Antes de rematar, queremos expresar o noso agradecemento a todas as persoas e institucións que fixeron posible esta publicación. Entre as institucións, agradecemos ao Consello da Cultura Galega e ao Instituto da Lingua Galega o seu apoio económico e a súa confianza en nós para levar a cabo esta tarefa. Temos tamén unha gran débeda con todas as persoas que participaron no simposio e,

especialmente, coas que aceptaron reformular a súa contribución para incluíla como capítulo deste libro. Así mesmo queremos recoñecer e agradecer o labor realizado polos diferentes revisores anónimos dos traballos aquí publicados, que axudaron a mellorar cos seus comentarios, suxestións e críticas. Finalmente, merece mención especial Raquel Vila Amado, que coidou a edición e a composición de todo o libro, sempre con paciencia, dilixencia e pulcritude exemplares. Para ela o noso máis cariñoso agradecemento.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO, Dámaso (1962): *La fragmentación fonética peninsular*. Supl. de Enciclopedia Lingüística Hispánica. Madrid: CSIC.
- ALONSO NÚÑEZ, Aquilino Santiago (2011): *A fala de Castrelo do Val*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (2003): *Varietade e diversidade da lingua. Algunhas reflexións sobre cambio, variación e galego estándar*. Discurso de recepción na RAG. A Coruña: RAG.
- COSERIU, Eugenio (1958 [1978]): *Sincronía, diacronía e historia. El problema del cambio lingüístico*. Montevideo, 1958 / Madrid: Gredos, 1978.
- DUBERT GARCÍA, Francisco (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Anexo 44 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- DUBERT GARCÍA, Francisco (2013): «As formas tipo 'tivo' e o contacto lingüístico cos romances centrais», en Eva GUGENBERGER / Henrique MONTEAGUDO / Gabriel REI-DOVAL (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 137-167.
- DUBERT GARCÍA, Francisco (2014a): «Splinter morphologique et analogie dans les dialectes galiciens et portugais», en J. L. LÉONARD (ed.), *Morphologie flexionnelle et dialectologie romane: typologie(s) et modélisation(s), Mémoires de la Société de Linguistique de Paris 22*, 69-88.
- DUBERT GARCÍA, Francisco (2014b): «The emergence of structure in inflection: perfect roots in irregular Galician verbs», en J. L. LÉONARD (ed.), *Morphologie flexionnelle et dialectologie romane: typologie(s) et modélisation(s), Mémoires de la Société de Linguistique de Paris 22*, 185-206.
- GARCÍA GONZÁLEZ, Constantino (1976): «Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano», *Revisa Española de Lingüística* 6, (2), 327-343. Reed. in *Temas de lingüística galega*. A Coruña: La Voz de Galicia, 109-140.
- IGE = Instituto Galego de Estatística (2016): «Economía. Os sectores de actividade. Definicións e conceptos teóricos». <http://www.ige.eu/estatico/educacion/Economia/Sectores/Teoria.htm#primario1> [consultado 22/12/2016].
- LORENZO, Ramón (1962): «Estudios etnográfico-lingüísticos sobre La Mahía y aledaños», *Cuadernos de Estudios Gallegos* 17, 49-67.
- PENSADO, José Luis (1970): «Interferencias estructurales castellano-gallegas: el problema de la geada y sus causas», *Revista de Filología Española* 53, 27-44.

- PENSADO, José Luis / Carmen PENSADO RUIZ (1983): “*Gueada*” y “*geada*” gallegas. Anexo 21 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- RAMALLO, Fernando (2013): «Neofalantismo», en Eva GUGENBERGER / Henrique MONTEAGUDO / Gabriel REI-DOVAL (eds.), *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 245-258.
- REGUEIRA, Xosé Luís (2008): «Cambios fonolóxicos no galego actual», en Mercedes BREA / Francisco FERNÁNDEZ REI / Xosé Luís REGUEIRA (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade, 275-286.
- REGUEIRA, Xosé Luís (2009): «Cambios fonéticos e fonolóxicos no galego contemporáneo», *Estudos de Lingüística Galega* 1, 147-167.
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antonio (1973): *El habla del Valle del Suarna*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- SANTAMARINA, Antón (1988): «Efectos do contacto lingüístico na toponimia galega», en Dieter KREMER (ed.) (1988), *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*. Tübingen: Instituto da Cultura e Língua Portuguesa / Consello da Cultura Galega, 87-96.
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antón (2003): «Resposta», en ÁLVAREZ BLANCO (2003), 39-50.
- TOMÉ LOURIDO, Gisela / Bronwen G. EVANS (2015): «Switching language dominance for ideological reasons: A study of Galician new speakers speech production and perception», Discussant Session on Sociophonetics. *Proceedings of the 18th International Congress of Phonetic Sciences (ICPhS)*. Glasgow: University of Glasgow.
- VIDAL FIGUEIROA, Tiago (1997): «Estructuras fonéticas de tres dialectos de Vigo», *Verba* 24, 313-332.